- O coeficiente aplicarase en función da cota mínima sinalada segundo a clasificación da actividade determinada no Real Decreto Lexislativo 1175/1990, que aproba as tarifas e instrución do Imposto de Actividades Económicas, aínda cando o solicitante goce de exención en devandito imposto ou non teña obrigaçión de darse de alta no mesmo.
- Para a aplicación deste coeficiente non se terán en consideración as bonificacións que poidan ser aplicables no Imposto sobre Actividades.
- Os locais afectos tributarán pola cota que lles sexa asignada de acordo coas regras do Imposto sobre Actividades Económicas.

3. Tarifas cota cero. Nos casos de traspaso, cesión ou transmisión da titularidade das actividades que se desenvolven nos establecementos, aplicarase a cota cero euros sempre que non se produza un cambio ou ampliación das actividades desenvolvidas no local xa que, neste caso, esixiríase a cota íntegra. Igualmente, o mero cambio de denominación social ou de actividade que non supoña ningunha outra alteración na personalidade xurídica da sociedade titular da actividade, pero que obrigue ao cambio de nome ou actividade nos rexistros municipais, determinará a aplicación da cota cero euros.

Para ter dereito á aplicación destes coeficientes, o petionario deberá acreditar fehacientemente o feito da transmisión mediante a presentación da escritura con liquidación do imposto correspondente, así como a presentación de unha comunicación previa ou unha declaración responsable ou no seu caso a licenza de apertura anterior a nome do transmitente. A petición de aplicación das reducións deberá formularse ao tempo de solicitar a correspondente licenza ou a presentación de unha comunicación previa ou unha declaración responsable.

Tódalas tarifas poderán ser actualizadas anualmente conforme ao IPC.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 5: XERACIÓN DA TAXA.

1. Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. Para estes efectos entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude, comunicación ou declaración, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2. Cando as actividades se iniciasen ou executasen sen ter obtido a oportuna licenza, nin presentado comunicación previa ou declaración responsable cando corresponda, a taxa xerarase cando se inicie a actividade municipal que conduce a determinar se a actividade en cuestión é ou non autorizable.

ARTIGO 6: DEPÓSITO PREVIO E AUTOLIQUIDACIÓN.

1. A teor da facultade que confire o artigo 26 do Real decreto legislativo 2/2004, esixirase o depósito previo do importe da taxa regulada nesta ordenanza para os supostos de actuacións suxeitas a licenza, e para este fin o solicitante da licenza procederá a liquidar o seu importe e ingresar a cantidade resultante. O depósito será aplicado á satisfacción da cota tributaria no momento de outorgarse a licenza, e efectuarase a correspondente liquidación provisional, con reintegro do seu importe ao interesado se por causas non imputables a el non chegase a prestarse o servizo.

Se da liquidación practicada resultase unha cota superior ou inferior ao depósito constituído, procederase a requirir o ingreso da diferenza antes de expedir a licenza, no primeiro caso, e á devolución do exceso, no segundo. Xuntamente co depósito previo ingresarase o importe estimado dos anuncios que sexa necesario publicar e outros gastos análogos que sexan por conta do interesado.

2. Nos supostos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable, os obrigados tributarios virán obrigados a presentar ante o Concello autoliquidación segundo o modelo determinado pola Administración Municipal e simultaneamente procederá a ingresar en fondos municipais a cota que resulte. En devandito documento o declarante fará constar todos os elementos da relación tributaria que sexan necesarios para efectuar a liquidación e realizará a mesma.

3. Quedan excluídas da obriga de constituír depósito previo e no seu caso presentar autoliquidación, aquelas entidades públicas que, en virtude de lei, están exceptuadas da presentación de fianzas ou depósitos. Este beneficio non supoñerá a exención do tributo, que deberá ser aboado como requisito previo ao despacho da licenza.

ARTIGO 7: NORMAS DE XESTIÓN

1. No caso de actuación suxeitas a licenza, previamente ao outorgamento da licenza efectuarase a liquidación provisional dos dereitos ou taxas que procedesen. A órgano municipal competente procederá a aprobar a liquidación no mesmo acto no que resolva sobre a concesión da licenza solicitada. A notificación será conxunta. As liquidacións así efectuadas terán carácter definitivo.

2. Nos casos en que as actividades se realicen previa presentación de comunicación previa ou declaración responsable, o Servizo de Urbanismo correspondente, comunicará ao Servizo de recadación os supostos nos que a autoliquidación inicial non alcanza a totalidade da cota, procedéndose por parte do dito servizo a aprobar a liquidación complementaria que corresponda.

3. Antes de que sexa ditado o acto administrativo sobre concesión da licenza, ou no seu caso dentro do mes meses seguinte a presentación da comunicación previa ou declaración responsable, os interesados poderán desistir ou renunciar expresamente a execución das obras e obter a devolución do 50% do depósito constituído ou importe autoliquidado..

4. Non terá dereito a devolución se non realizase as actividades nos supostos de presentación de licenza, comunicación previa ou declaración responsable.

5. Ao Servizo Municipal de recadación remitiráselle unha copia dos actos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable así como de concesión da licenza, co fin de que se comprobe o estrito cumprimento das previsións consignadas neles en canto teña transcendencia de carácter fiscal.

ARTIGO 7: BENEFICIOS FISCAIS

Non serán aplicables outros beneficios fiscais máis cós expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais.

ARTIGO 8: INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e restante normativa municipal.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A aprobación definitiva da presente ordenanza fiscal conleva a derogación da Ordenanza reguladora da taxa de licenza de apertura de establecementos, así como, da Ordenanza reguladora da taxa por outorgamento de licenza de actividade e apertura de establecementos”.

ANEXO I

ACTIVIDADE DESENVOLVIDA NO ESTABLECEMENTO	COTA EN €
Actividades e Servizos relacionados coa agricultura, gandería, pesca e selvicultura.	216,74 €
Industrias extractivas.	433,47 €
Industria téxtil e da confección.	650,20 €
Industria da madeira e a cortiza, excepto mobles.	433,47 €
Industrias do papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados.	866,93 €
Refino do petróleo e outros combustibles	4.334,69 €
Industrias da transformación do caucho e materias plásticas	433,47 €
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos.	866,93 €
Fabricación de máquinas, equipos e material mecánico.	866,93 €
Industrias de materiais e equipo eléctrico, óptico e electrónico.	1.733,87 €
Fabricación de material de transporte.	2.167,34 €
Fabricación de mobles.	866,93 €
Fabricación de artigos de xoiería, ourivaría, platería e similares.	866,93 €
Fabricación de instrumentos musicais, bixutería, artigos para o deporte e xoguetes.	433,47 €
Fabricación doutros artigos non clasificados anteriormente.	260,09 €
Reciclaxe de chatarra e desfeitos.	216,74 €
Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga.	2.167,34 €
Establecementos afectos ás actividades anteriores (oficinas, almacéns, delegacións, garaxes e similares).	216,74 €
Establecementos afectos á actividade de construción (oficinas locais destinados á venda, estudos técnicos, almacéns, talleres e similares).	216,74 €
Comercio por xunto.	216,74 €
Comercio polo miúdo.	216,74 €
Hoteis, moteis, hostais e pensións con servizo de comidas (por habitación)	21,67 € (mínimo 168,65)
Hoteis, moteis, hostais e pensións, sen servizo de comidas (por habitación)	21,67 € (mínimo 126,47)
Cámpings, albergues e refuxios (por praza)	4,30 € (mínimo 84,31)
Outros tipos de hospedaxe, ata os non turísticos (por praza)	4,30 € (mínimo 84,31)
Restaurantes.	260,09 €
Establecementos de bebidas con servizo de comidas.	260,09 €
Establecementos de bebidas.	216,74 €

Comedores colectivos e servizos de comidas preparadas.	130,04 €
Establecementos afectos aos servizos de transporte (estacións e terminais, oficinas de venda de billetes, facturación, almacéns, consignas e similares)	216,74 €
Axencias de viaxes.	216,74 €
Servizos de correos e mensaxería.	216,74 €
Establecementos afectos a servizos de telecomunicacións.	866,93 €
Bancos e Caixas de Aforro.	866,93 €
Axencias e delegacións de seguros.	433,47 €
Outros establecementos financeiros e de seguros.	346,77 €
Establecementos dedicados a servizos en xeral, non clasificados noutros apartados.	216,74 €
Establecementos de ensino.	173,39 €
Hospitais, sanatorios e outros servizos sanitarios.	433,47 €
Oficinas de farmacia.	260,09 €
Establecementos de asistencia social.	86,70 €
Salas de Cine, Teatro e Espectáculos (non deportivos).	433,47 €
Estadios, pavillóns e campos de deporte.	433,47 €
Casinos, Bingos e Salas de Xogos	866,93 €
Garaxes e Aparcadoiros (por praza)	8,66 € (mínimo 168,65)
Despachos profesionais e artistas.	173,39 €
Outros establecementos non clasificados nos apartados anteriores.	173,39 €

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia .

Foz, 9 de febreiro de 2024.- O Alcalde. Francisco Cajoto Caserío.

R. 0415

Anuncio

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial de data 30 de novembro de 2023, aprobatorio da ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS ASOCIADOS Á UTILIZACIÓN DAS PRAIAS NO CONCELLO DE FOZ.

O texto íntegro da devandita Ordenanza faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS ASOCIADOS Á UTILIZACIÓN DAS PRAIAS NO CONCELLO DE FOZ

ARTIGO 1: CONCEPTO E OBXECTO

Facendo uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais), o Concello de Foz establece a taxa pola prestación dos servizos asociados ao uso e desfrute das praias, que se rexerán pola presente ordenanza.

ARTIGO 2: FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa o servizo administrativo dirixido á autorización de uso, así como ao propio uso das casetas de praia de titularidade municipal sitas nas proximidades da praia da Rapadoira durante o ano natural.

ARTIGO 3: SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeito pasivo das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria:

Que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público obxecto desta taxa reflectido no artigo anterior en beneficio particular.

No caso de que o receptor do servizo sexa un menor de idade ou incapaz, resultarán obrigados ao pago quen exerza a patria potestade, tutela, curatela ou sexa persoa responsable do mesmo segundo o ordenamento vixente.

ARTIGO 4. NORMAS DE XESTIÓN

1. Neste tributo suxeito a cobranza periódica cuxa xestión corresponde integramente ao Concello, será obxecto de liquidación por padróns

2. O Padrón elaborárase, por cada período, pola Administración tributaria, tendo en conta as declaracións dos interesados e demais datos que se coñezan como consecuencia das actuacións de comprobación e investigación. As baixas deberán ser formuladas polos suxeitos pasivos e unha vez comprobadas producirán a definitiva eliminación do padrón con efectos a partir do período seguinte a aquel en que fosen presentadas, salvo as excepcións que se establezan en cada ordenanza.

3. A xestión tributaria entenderase iniciada nos tributos de cobranza periódica:

a) Nos casos de alta, coa presentación da correspondente autoliquidación prorrateada por trimestres.

b) Nos restantes supostos, o primeiro día da exposición ao público, do correspondente padrón ou matrícula.

4. Os padróns someteranse á aprobación polo órgano competente con carácter trimestral. Unha vez aprobados expoñeranse ao público para exame e reclamación por parte dos lexitimamente interesados, durante un período dun mes no Boletín Oficial da Provincia, dentro do cal poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas, sendo que a exposición ao público dos padróns producirá os efectos de notificación das liquidacións de débedas tributarias que figuren consignadas para cada acto dos interesados.

5. En calquera caso, salvo que a lei dispoña outra cousa, a non inclusión no padrón ou matrícula dun obxecto tributario nun período determinado non impedirá a regularización da situación tributaria e notificación individual das liquidacións correspondentes a cada un dos períodos non prescritos, con independencia das sancións a que houbese lugar e da súa inclusión, de non estalo xa, pola Administración competente, en futuros padróns

ARTIGO 5: COTA TRIBUTARIA

As tarifas desta taxa serán as seguintes:

Casetas de praia	25,00 €/mes
------------------	-------------

Os prezos e contías previstos nesta ordenanza poden ser actualizados conforme ao IPC.

No caso de realización de actividades ou servizos realizados polo Concello, directa ou indirectamente, non recollidas nesta ordenanza, aplicarase como prezo o custo destas, que será previamente aprobado polo órgano competente.

ARTIGO 6: EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se concederá ningunha exención nin bonificación na exacción da taxa regulada nesta ordenanza fiscal.

ARTIGO 7: INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo a infraccións tributarias e as súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ao establecido no título IV da Lei Xeral Tributaria así como no RD 2063/2004, de 15 de Outubro, polo

que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A aprobación definitiva da presente ordenanza fiscal conleva a derogación da vixente Ordenanza reguladora da taxa pola prestación dos servizos de praia, casetas municipais, gardarroupa, duchas e outras instalacións de natureza análoga.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia .

Foz, 9 de febreiro de 2024.- O Alcalde. Francisco Cajoto Caserío.

R. 0416

Anuncio

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial de data 30 de novembro de 2023, aprobatorio da ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS NO CONCELLO DE FOZ.

O texto íntegro da devandita Ordenanza faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS NO CONCELLO DE FOZ

ARTIGO 1: NATUREZA E FUNDAMENTO LEGAL

O Concello de Foz establece a taxa pola prestación de servizos asociados á celebración de matrimonio civil e aproba a correspondente ordenanza fiscal no exercicio da potestade regulamentaria e tributaria recoñecida ás Administracións Públicas de carácter territorial, de conformidade co previsto nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, nos artigos 4.1.a) e b) e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, nos artigos 15 a 27 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e na disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 2: FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa a actividade administrativa iniciada e desenvolvida con motivo da prestación dos servizos asociados á celebración de matrimonios civís ante a Alcaldía-Presidencia, ou Concelleiro/a en quen delegue, incluso cando o citado matrimonio non se celebre por causa imputable aos contraentes e suxeitos pasivos da taxa.

ARTIGO 3: SUXEITOS PASIVOS E OBRIGADOS AO PAGO

Son suxeitos pasivos da taxa en calidade de contribuíntes as persoas físicas beneficiarias do servizo, entendéndose por tal os contraentes que formulen a solicitude do servizo, que quedan obrigados solidariamente.

Están obrigados ao pago da taxa regulada nesta ordenanza os beneficiarios do servizo, entendéndose por tales os contraentes.

ARTIGO 4. DEVENGO

O tributo devengarase e nace a obriga de contribuír, no momento da presentación da solicitude para concreción do día e hora da celebración do matrimonio. A presentación da solicitude iniciará a actuación administrativa e esta non se realizará sen que sexa efectuado o pago correspondente en réxime de autoliquidación na Tesourería municipal ou nas entidades bancarias debidamente autorizadas.

ARTIGO 5: COTA TRIBUTARIA

1. A contía da taxa que regula a presente ordenanza fiscal será de 60,00 € por expediente e celebración. Dita celebración efectuarase no Salón de Plenos do Concello ou no emprazamento sinalado polos solicitantes.

2. Serán de conta dos contribuíntes os gastos de ornamentación e demais propios da celebración, e reparación das dependencias empregadas en caso de deterioro.

3. Os prezos e contías previstas nesta ordenanza poden ser actualizados conforme ao IPC.

ARTIGO 6: EXENCIONS E BONIFICACIONS

Non se aplicará ningunha exención, bonificación nin redución para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por esta taxa, todo elo de conformidade co artigo 9 e a Disposición Adicional Terceira da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 7: NORMAS DE XESTIÓN

1. A taxa por prestación de servizos contemplados no artigo 2 esixirase en réxime de autoliquidación.

2. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar a autoliquidación nos impresos habilitados ao efecto pola administración municipal e realizar o seu ingreso, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude para a determinación da data e hora da celebración do matrimonio civil, que non se tramitará sen que se efectuara o pago correspondente.

ARTIGO 8: PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN

1. A solicitude da actuación administrativa tendente á celebración do matrimonio civil deberá ir precedida, necesariamente, da instrución e tramitación do expediente correspondente no Rexistro Civil competente.

2. Os interesados na celebración de matrimonio civil deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude de determinación de día e hora da cerimonia.
- b) Fotocopia do DNI dos contraentes e de dúas testemuñas maiores de idade.
- c) Auto do xuíz de primeira instancia ou Xulgado, autorizando o matrimonio civil no Concello de Foz.
- d) Resgardo xustificativo do pago da taxa mediante autoliquidación.

3. As solicitudes se presentarán no Rexistro de entrada de documentos acompañada da carta de pago xustificativa do depósito previo da taxa e serán atendidas por rigoroso orde cronolóxico de entrada das mesmas para o sinalamento da data e hora de celebración.

No caso de solicitudes coincidentes en data, resolverase por Resolución da Alcaldía ou Concellería delegada, unha vez efectuada proposta de outra data para a súa aceptación polos solicitantes que presentaran a súa instancia con posterioridade e se lle asignara un número de entrada maior.

4. A autorización do matrimonio civil corresponderá ao Sr/a Alcalde/sa-Presidente/a ou ao Concelleiro/a da corporación en quen delegue ou sexa escollido polos solicitantes.

ARTIGO 9: DEVOLUCIÓN DA TAXA

1. Os suxeitos pasivos terán dereito á devolución da taxa cando o matrimonio non se puidera celebrar por causa imputable a este Concello. Entenderase causa imputable ao Concello a orixinada exclusivamente por vontade municipal que non veña motivada, promovida, ocasionada ou provocada por actuacións, feitos, obras, condutas ou comportamentos dos interesados.

2. Non obstante, os suxeitos pasivos terán dereito á devolución do 50 por cento do importe da taxa cando a cerimonia do matrimonio civil non puidera celebrarse por causa imputable aos mesmos, sempre que se comunique ao Concello, con unha antelación mínima de 48 horas ao día fixado para a celebración do matrimonio, por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción polo Concello.

ARTIGO 10: INFRACCIÓN E SANCIONS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa de desenvolvemento

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia .

Foz, 9 de febreiro de 2024.- O Alcalde. Francisco Cajoto Caserío.

R. 0417

GUITIRIZ*Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de xaneiro de 2024, que comprende os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de xaneiro de 2024, integrado por 20 recibos por importe total de 7.269,60 €.

O Padrón quedará expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de xaneiro de 2024, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 24 de xaneiro de 2024.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0418

LUGO*Anuncio*

2024/G023/000019

CONCELLO DE LUGO. ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DENDE O 19 DE XANEIRO DE 2024 (CORPORACIÓN 2023-2027).

A) Con data do 25 de xaneiro de 2024, o Pleno do Excmo. Concello de Lugo celebrou sesión ordinaria na que tomou razón da seguinte resolución:

Exp. 2024/G004/000033

8/12 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 464/2024, DO 19 DE XANEIRO DE 2024, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN, SOBRE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DA CORPORACIÓN DENDE O 19-1-2024 (CORPORACIÓN 2023-2027): XUNTA DE GOBERNO, TENENCIAS DE ALCALDÍA, ÁREAS DE GOBERNO E CONCELLERÍAS DELEGADAS (2024/G004/000033).- Ó Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA do Decreto número 464/2024, do 19 de xaneiro de 2024 que, a seguir, se transcribe:

“Excm. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

Con data do 21 de xuño de 2023 aprobouse o Decreto 5756/2023, de organización municipal coas súas rectificacións posteriores.

Con data 12 de xaneiro de 2024 o Pleno da Corporación tomou efectivo coñecemento da renuncia a Alcaldía de quen ata ese momento viña ostentando o cargo, procedéndose na sesión do Pleno de data 18 de xaneiro de 2024 á miña elección como alcaldesa.

Os cambios acaecidos e a necesidade de afrontar o que resta de mandato coa debida organización e coordinación transversal entre as distintas áreas e concellerías motivan a necesidade da adopción do presente acordo

Á vista do exposto e en cumprimento do establecido no artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), esta Alcaldía **RESOLVE** adoptar o seguinte acordo de organización municipal:

PRIMEIRO.- Nomear, de conformidade co establecido nos artigos 126 e concordantes do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 12 e concordantes do ROMGA, baixo a

presidencia da Excm. Sra. alcaldesa, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, membros da **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** os seguintes:

- Sr. D. Miguel Fernández Méndez
- Sr. D. Angel Pablo Permuy Villanueva
- Sr. D. Mauricio Vitorio Repetto Morbán
- Sra. D.ª Ana María González Abelleira
- Sr. D. Rubén Arroxó Fernández
- Sra. D.ª Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- Sra. D.ª María Cristina López Fernández

SEGUNDO.- Designar concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local a don Miguel Fernández Méndez e primeiro e segundo suplentes deste aos concelleiros don Rubén Arroxó Fernández e don Mauricio Vitorio Repetto Morbán, respectivamente.

As súas sesións -cando sexan convocadas/os ou a súa presenza sexa requirida pola presidencia deste órgano municipal- asistirán a persoa titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno e ao seu concelleiro secretario e o interventor xeral municipal (ou funcionarias/os ás/aos que se lles encomenden estes cometidos).

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria todos os **mércores ás dez horas**, en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria. A devandita sesión será presencial, sen prexuízo de que se poida celebrar de xeito telemático en casos excepcionais. Deberáselles preavisar, para tal efecto, con carácter previo, aos membros deste órgano colexiado.

Se o día fixado para a celebración da sesión ordinaria fose festivo ou inhábil, celebrarase sesión o seguinte día hábil.

CUARTO.- Nomear, de conformidade co establecido no artigo 124.e) do vixente texto da LRBRL e 28 do ROMGA, tenentas e tenentes de alcaldesa as seguintes concelleiras e concelleiros. Quedará establecida a seguinte orde para as **tenentas e tenentes de alcaldesa**:

- primeiro tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxó Fernández
- segundo tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez
- terceiro tenente de alcaldesa: Ilma. Sr. D. Mauricio Vitorio Repetto Morbán
- cuarta tenenta de alcaldesa: Ilma. Sra. D.ª Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- quinta tenenta de alcaldesa: Ilmo. Sra. D.ª Ana María González Abelleira
- sexto tenente de alcaldesa: Ilma. Sra. D. Angel Pablo Permuy Villanueva
- sétima tenenta de alcaldesa: Ilma. Sra. D.ª María Cristina López Fernández

As tenentas e os tenentes de alcaldesa substituirán a alcaldesa pola orde do seu nomeamento nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou abstención legal.

QUINTO.- Determinar a denominación e ámbito material das **ÁREAS DE GOBERNO MUNICIPAL** segundo o seguinte detalle:

ÁREA DE ALCALDÍA E PLANIFICACION DE CIDADE

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos proxectos estratéxicos de transformación da cidade, así como a “Axenda 2030 para un desenvolvemento sostible”, sen prexuízo de que o seu seguimento e xestión ordinaria poida ser obxecto de delegación específica ou atribución a outra área, que serán, como mínimo, os relativos ás seguintes materias: estratexias de xestión dos fondos europeos, goberno municipal e organización dos servizos administrativos e relacións de representación institucional con todo tipo de organismos ou entidades públicas e privadas, incluíndo as actuacións de carácter protocolario.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes **órganos directivos**:

- Secretaría Xeral do Pleno
- Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local
- Asesoría Xurídica
- Intervención Xeral

Esta **ÁREA DE ALCALDÍA E PLANIFICACION DE CIDADE** poderá estar asistida por un/unha DIRECTOR/A XERAL DE URBANISMO coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de urbanismo. Quedan integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte dos servizos de Urbanismo, Licenzas, Arquitectura e da oficina de Arqueoloxía.

Así mesmo, dentro desta área inclúense os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Actas, Sección de Administración Municipal, Gabinete de Normalización Lingüística, Asesoría Xurídica, Servizo de Intervención, Gabinete da Alcaldía e Oficina de Prensa, Policía Local e os seus auxiliares e Sección de Mobilidade e Sancións respecto do procedemento sancionador, Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, Protección civil e Servizo de Informática.

No eido que corresponde á planificación de cidade corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación e xestión urbanística e execución do planeamento urbanístico,
- intervención na regulación do mercado do solo e xestión do patrimonio municipal do solo,
- intervención no exercicio das facultades dominicais relativas ao uso do solo e edificación,
- actuacións de disciplina urbanística,
- promoción e xestión de vivenda,
- conservación e protección do patrimonio histórico-artístico,
- fomento da conservación e rehabilitación das edificacións,
- actuacións de arqueoloxía para preservación do patrimonio,
- vixilancia e control de establecementos industriais, comerciais, de servizos, de espectáculos e actividades recreativas, establecementos públicos e outras instalacións sometidas a autorización municipal

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal tamén os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Urbanismo, Servizo de Licenzas, Servizo de Arquitectura, Oficina de Rehabilitación, Oficina de Arqueoloxía e Empresa Municipal de Vivenda e Solo -EVLUSA-.

Así mesmo, adscríbese a esta área a dona Marta Carballal Neira, adxunta ao xefe de servizo de Enxeñería para a colaboración naqueles proxectos estratéxicos que designe a alcaldesa e dependendo directamente desta.

ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- protección do medio ambiente e cambio climático,
- xestión enerxética eficiente,
- xestión integral de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria,
- parques e xardíns e zonas verdes,
- Plan especial de protección do río Miño (PEPRIM),
- vixilancia do acondicionamento e ornato de espazos públicos,
- almacenamento de verteduras incontroladas,
- xestión integral do ciclo da auga e as súas redes

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Medio Ambiente, Servizo de Augas, Unidade Administrativa de Parques e Xardíns e Brigada de Augas e Saneamento.

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- contratación local, fomento da actividade de interese público e patrimonio municipal.
- xestión e xeración de recursos económicos,
- contabilidade,
- tesourería e recadación,

- facenda local e xestión e inspección tributaria,
- médica municipal e
- xestión do persoal ao servizo da corporación local, incluído parque móbil e conserxería e notificadores.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área os seguintes **órganos directivos**:

Tesourería Xeral (órgano de xestión económico-financeira), que terá atribuídas as funcións de coordinación específica con respecto aos procedementos relacionados cos seguintes servizos e/ou materias: Tesourería, Contabilidade, Facenda Local e Inspección de Tributos da área.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Tesourería, Servizo de Facenda Local, Servizo de Inspección de Tributos, órgano orzamentario e de contabilidade, Servizo de Contratación, Servizo de Fomento, Servizo de Persoal, Servizo de Prevención e Saúde, Médica municipal, Parque Móbil, Conserxería e Notificadores e Brigada e Parque de Maquinaria.

ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIONES INSTITUCIONAIS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- fomento e promoción da actividade económica,
- fomento e promoción do comercio,
- formación e fomento do emprego,
- estratexias xerais de desenvolvemento local,
- festivais musicais e de artes para o desenvolvemento local e
- seguimento e xestión ordinaria da estratexia dos fondos europeos asignados pola Alcaldía.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Espazo Lab, talleres e obradoiros de emprego, Axencia de Desenvolvemento Local, CEI- NODUS e Viveiros de empresas.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE XUVENTUDE E DEPORTES** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- servizos e actuacións que teñan que ver coa xuventude,
- prevención das drogodependencias,
- Casa da Música,
- actividades de dinamización económica da xuventude,
- actividades, instalacións e equipamentos deportivos,
- fomento do deporte e
- ARDE LUCUS.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: puntos de información xuvenil, Sección de Xuventude, Casa da Xuventude, Servizo de Atención a Drogodependentes, Casa de Música e Sección de Deportes.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE RELACIONES INSTITUCIONAIS** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- preparación e seguimento de acordos e convenios con entidades asociativas
- acordos de colaboración con entidades de carácter supramunicipal
- participación en mesas de traballo de entidades de agrupación de intereses municipais
- exercicio de funcións relacionadas con materias derivadas de competencias doutras administracións

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- promoción e atención á muller (os servizos vinculados co CIM de Lugo),
- promoción da igualdade
- diversidade en todos os eidos,
- promoción da conciliación
- organizacións non gobernamentais,
- minorías étnicas e inclusión social,
- emigración e inmigración,
- centros de dinamización rural e dinamización e promoción sociocultural (animación sociocultural).
- todas aquelas funcións encamiñadas á satisfacción das necesidades da zona rural

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Centro de Atención á Muller, centros de dinamización rural, centros onde se desenvolven actividades asociativas (Casa “Clara Campoamor”, Casa María Mariño, Centro interxeracional Paco Martín, Centro Leiras Pulpeiro e Centro Díaz Castro) e Unidades de Zona Rural.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE BENESTAR SOCIAL E MAIORES** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- prestación dos servizos sociais, de promoción e reinserción social (servizos comunitarios especializados, servizo de axuda no fogar e servizo de xantar no fogar),
- instalacións e equipamentos de carácter social,
- pisos de emerxencia social
- voluntariado social,
- centros de servizos sociais: centros de convivencia, Fogar do Transeúnte
- edificio de vivendas adaptadas para persoas con mobilidade reducida e outras discapacidades (Casa Domótica).

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Servizos Sociais; centros de servizos sociais: centros de convivencia municipais, Fogar do Transeúnte, pisos de emerxencia social, Centro de Día Antonio Gandoy e programas “Sen Teito”, “Acompañámoste” e “Atención ás persoas maiores”.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- convenio Lugo cultural,
- actividades e instalacións e equipamentos culturais,
- festexos populares,
- bibliotecas públicas,
- museos e salas de exposicións,
- turismo e promoción da cidade,
- banda municipal de música e escola municipal de música e
- Casa das Linguas.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, museos e salas municipais de exposicións, auditorios municipais, bibliotecas municipais, Oficina de Turismo, Casa das Linguas, Banda de Música e Escola Municipal de Música.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- educación, centros docentes e equipamentos educativos,
- centro de educación infantil,
- educación viaria (Parque Infantil de Tráfico) e
- atención integral á infancia e adolescencia.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Educación e pedagogas municipais, centros de educación infantil, celadores de colexios públicos e persoal do Parque Infantil de Tráfico.

ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- información e atención á cidadanía e participación cidadá,
- transparencia da información pública,
- defensa de usuarias/os e consumidoras/es,
- atención á saúde,
- sanidade e protección da salubridade pública,
- funcionalmente, transporte público e tarxeta cidadá,
- estatística e padrón municipal,
- cemiterio e servizos funerarios,
- taboleiro de edictos,
- arquivo municipal e
- abastos, feiras, mercados e venda ambulante.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Rexistro e Participación cidadá, Oficina de Información e Atención ao Cidadán-Participación Cidadá, Negociado de Consumo e Oficina Municipal de Información ao Consumidor, Arquivo municipal, Taboleiro de Edictos e Encargado e vixilantes de prazas e mercados.

ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías públicas e sinalización destas,
- transporte público de viaxeiros/as,
- negociado de policía,
- deseños de mobilidade urbana e plans de tráfico e
- organización viaria e coordinación de proxectos e obras no contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Policía, Tráfico e Transportes e brigada de sinalización viaria.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS URBANAS** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- conservación mantemento e limpeza e obras ordinarias en vías públicas, infraestruturas e bens do contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Enxeñería, Servizos Electromecánicos e Industriais, a Brigada Municipal de Vías e Obras e, funcionalmente, a Sección de Xestión (no que atinxe á tramitación de obras ordinarias).

SÉTIMO.- De conformidade co disposto no artigo 29 do ROMGA e coa excepción da Área de Goberno da Alcaldía e Planificación de Cidade, a titularidade das restantes áreas de goberno encoméndase do seguinte modo:

Ao primeiro tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**.

